

# TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN XURADA DO GALEGO PARA OUTRAS LINGUAS E VICEVERSA

## Información Xeral

### 1 NORMATIVA:

- Decreto 267/2002, do 13 de xuño.
- Convocatoria probas habilitación: a orde de cada convocatoria
- O 5 setembro de 2008 publicouse no DOG última convocatoria para a realización de probas. Datos importantes:
  - Prazo presentación de solicitudes ata o 15 de outubro de 2008
  - Data de realización proba común: 13 de febreiro de 2009
  - Datas de realización probas específicas: do 2 ao 7 de marzo de 2009

**2 REXISTRO OFICIAL:** Datos de tradutores/as e interpretes/as que figuran no rexistro oficial. O acceso ao rexistro pódese realizar mediante habilitación directa ou superación das probas oficiais (convocatorias antes citadas)

Na actualidade no rexistro existen as seguintes linguas:

- galego –castelán
- galego-francés
- galego-inglés

De precisar os servizos dalgún profesional da tradución ou interpretación xurada, figura na web a listaxe dos profesionais inscritos no rexistro que autorizaron a publicación dos datos para poder contactar con eles.

### 3 HABILITACIÓN DIRECTA:

-Requisitos:

Artigo 7º. *Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa.*

1. Poden solicitar o nomeamento, sen necesidade de convocatoria previa, as persoas seguintes:

a) As que posúan o título de licenciado en Tradución e Interpretación, sempre que acrediten mediante certificación académica que cumpren os seguintes requisitos:

a.1) Que cursaron vinte e catro créditos de materias de tradución especializada durante a licenciatura e que calquera posible combinación lingüística de todas e cada unha das materias cursadas de tradución especializada teña o galego como lingua cara á que se traduce. De non figurar especificado deste xeito na denominación da materia, deberase xuntar tamén un certificado do programa oficial, coa combinación lingüística das materias cursadas.

a.2) Que doce dos vinte e catro créditos das materias de tradución especializada cursada

teñen como contidos a tradución de textos xurídicos e económicos. Se estes contidos non figurasen especificados nalgunha das materias, deberá xuntarse un certificado do programa oficial da materia correspondente ao curso escolar en que se cursase, no que terán que aparecer especificados aqueles contidos. O resto dos créditos, ata os vinte e catro, poden obterse mediante a realización de prácticas en empresas avaladas e tuteladas pola universidade correspondente, a través dos proxectos de fin de carreira ou memorias de tradución; ou a través de materias, incluídas as de terceiro ciclo, sempre que estean relacionadas directamente coa tradución de textos xurídico-administrativos ou económicos.

a.3) Que cursaron 12 créditos de interpretación.

b) As que posúan o nomeamento de intérprete xurado de galego, expedido polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

#### DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR

-solicitude

-resgardo pago taxa

-copia compulsada da certificación académica

### 4 GUIA PARA A PREPARACIÓN DAS PROBAS DE HABILITACIÓN PROFESIONAL PARA TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN XURADA

**Convocatoria:** A SXPL realiza unha convocatoria anual. Publicase no DOG e nesta mesma WEB.

Presivións: no mes de setembro/outubro de cada ano publicarase a convocatoria e abrírase o prazo para a presentación de solicitudes. Nos meses de febreiro/marzo seguintes realízanse as probas.

Linguas para as que se efectuarán probas na próxima convocatoria: castelán, euscaro, catalán, portugués, alemán, romanés....(depende da convocatoria)

Taxas para participar nas probas: 66.90 € por cada especialidade a que pretenda presentarse

**Programa:** o que figura no Decreto 267/2002

#### **Exames:**

Co obxecto de orientar sobre a preparación das probas, publícase unha mostra das preguntas dos exames de Lingua galega e de Dereito, e extracto dos textos empregados na proba de tradución. Tamén se fán públicos os criterios de corrección e cualificación empregados nas probas, así como unha pequena bibliografía para axudar a preparar o temario.

\* Dada a autonomía dos tribunais aos que se lles encomenda a realización das probas, esta información ten carácter meramente orientador. Os aspirantes deberán dominar o programa previsto no Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa (DOG n.º 182, do 20 de setembro do 2002), onde tamén se definen as características de cada unha das probas.

## MOSTRA DAS PREGUNTAS DA PROBA COMÚN DE LINGUA:

- Que palabra deriva de presenza?
  - a presencial
  - b presenzal
  - c as dúas son correctas
  
- En cal das seguintes oracións hai algunha incorrección?
  - a o xuíz persooouse no lugar do crime acompañado das tesetemuñas
  - b o xuíz personouse no lugar do crime acompañado das testemuñas
  - c nas dúas hai algunha incorrección
  
- En cal destas oracións hai algunha incorrección?
  - a logo comunicaranche a sentenza
  - b logo che comunicarán a sentenza
  - c non hai incorrección en ningunha
  
- Deter un proceso xudicial ou administrativo é:
  - a sobrepór
  - b sobreseer
  - c sobreser
  
- Cal das seguintes frases non é correcta?
  - a para conseguir boas colleitas, a terra debe abonarse dúas veces ao ano
  - b está aberto o prazo para abonarse aos concertos deste ano
  - c as dúas son correctas
  
- Con que palabra se expresa o concepto de “perdoar total ou parcialmente unha débeda, unha pena imposta, etc.”?
  - a condoar
  - b condonar
  - c conmutar
  
- Escolla a opción correcta
  - a adxunto remito programa de actividades
  - b remítolle o programa de actividades
  - c adxúntolle o programa de actividades

## MOSTRA DAS PREGUNTAS DA PROBA COMÚN DE DEREITO:

- As leis de Galicia deben publicarse
  - a só no *Diario Oficial de Galicia*
  - b só no *Boletín Oficial del Estado*
  - c no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*
  
- Cal non é unha forma de finalizar un procedemento administrativo?
  - a a sentenza
  - b a desistencia do interesado

- c o convenio entre as partes
- No procedemento administrativo, cando un prazo se fixa por días, enténdese que son
  - a días naturais
  - b días hábiles
  - c todos os días excepto os sábados, domingos e festivos
- A resolución dun xulgado ou tribunal de mera tramitación denomínase
  - a auto
  - b sentenza
  - c providencia
- Os asentamentos do rexistro mercantil deben redactarse
  - a no idioma en que veñan os documentos que se presentan nel
  - b en galego no caso de que o rexistro teña a súa sede no territorio de Galicia
  - c en castelán sempre
- A doazón de bens inmobles precisa, para a súa validez,
  - a outorgamento de escritura pública
  - b non precisa ser documentada, rexe o principio de liberdade de forma
  - c é suficiente que se outorgue en documento privado
- O testamento hológrafo soamente poderá ser outorgado por
  - a persoas maiores de 14 anos
  - b persoas maiores de 18 anos
  - c persoas maiores de 25 anos

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS PROBAS COMÚNS:

Para superar o exame, cómpre acadar unha puntuación mínima de 28 puntos nas dúas probas. Cada pregunta vale 1 punto. Os erros restan 0,25 puntos cada un. As respostas en branco non puntúan.

Cómpre superar cada unha das probas (Lingua e Dereito) para pasar á fase seguinte.

#### MOSTRA DE TEXTOS DAS PROBAS ESPECÍFICAS (extractos)

Traduza a castelán o seguinte texto:

##### “OUTRAS OBRIGAS DO USUARIO

Nas obras ou instalacións que afecten á estrutura da estrada, o petionario deberá depositar unha fianza por importe de 3.000 euros por metro lineal, en caso de:

- Cruzamento subterráneo da estrada, se se trata de perforación ou furado horizontal. De se non utilizar a expresada forma de cruzamento, senón a de corte do pavimento, a fianza reducirase á metade.

- Canalizacións que afecten ás beiravías: caso de se tratar de gabias de formigón e/ou dreno, por metro lineal.
- Ramplas acceso de ata 3 metros, por cada metro que reborde 2.000 euros máis.
- Beirarrúas.
- Acometidas de abastecemento e saneamento sen cruzar a estrada.
- Cruzamento de liña aérea sobre a estrada.”

Traduza a galego o seguinte texto:

#### “VALORACIÓN DE LOS BIENES

##### 1. Edificación

Cobertura total, a valor de reposición. El montante del coste necesario para su íntegra reconstrucción, excluidos el valor del terreno y las circunstancias de mercado, como cotización de la zona, vistas y demás elementos que configuran los precios de compra y venta, pero que no tienen relación directa con el coste de los materiales y la mano de obra. La afección a alineamientos, cambios de rasante, cesiones, expropiaciones y otros condicionantes jurídico-urbanísticos se toman en consideración para reducir el valor de reposición correspondiente, pero respetando, como mínimo, el valor real, o sea, el coste de adquisición de unos bienes a ser posibles iguales y en todo caso similares, deducida una depreciación, tomando en cuenta el estado de conservación y demás circunstancias condicionantes, pero sin considerar ningún tipo de valor afectivo, estimativo o indirecto.

##### 2. Ajuar.

Cobertura total, a valoración de reposición. Es el coste de adquisición de unos bienes, a ser posible iguales y, en todo caso similares.”

Galego inglés:

A certificación dun expediente académico de estudos universitarios

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS PROBAS ESPECÍFICAS:

Atribúeselle a cada tradución un valor inicial de 100 puntos, cantidade da que se van descontando puntos por erros, consonte o modelo de avaliación proposto na páxina seguinte<sup>1</sup>.

A cuantificación é sobre 100 puntos. Para superar a proba é necesario un mínimo de 70 puntos.

Os erros repetidos cuantificarán a primeira vez, caso de se repetiren establécese a seguinte gradación:

- Os erros leves (3/100) puntuarán tres veces. Non se admiten máis de cinco erros desta categoría.
- Os erros importantes (5/100) puntuarán dúas veces. Non se admiten máis de tres erros desta categoría.

---

<sup>1</sup> Sistema de avaliación baseado en Oliver González, A. (2002): “Qualitat i traducció”, en *Revista de Llengua i Us*, n.º 29, 31-36 e Fernández Fernández, A. (2000): “Proxecto docente”, inédito.

- Os erros graves (10/100) puntuarán dúas veces. Non se admiten máis de dous erros desta categoría.

Os acertos (boa equivalencia ou moi boa equivalencia) puntúan en positivo.

<b>TIPOLOXÍA DE ERROS</b>	<b>CUANTIFICACIÓN</b>
<b>1. INADECUACIÓNS FUNCIONAIS:</b> Inadecuación á función textual prioritaria do orixinal Inadecuación á función da tradución	- 5 puntos
<b>2. ERROS QUE AFECTAN A PROBLEMAS DE COMPRENSIÓN DO TEXTO ORIXINAL:</b> <b>CONTRASENTIDO:</b> Descoñecemento lingüístico, Descoñecemento extralingüístico (temático, cultural) <b>FALSO SENTIDO:</b> Descoñecemento lingüístico Descoñecemento extralingüístico <b>SEN SENTIDO:</b> Incomprensible Falta de claridade	-10 puntos
ADICIÓN INNECESARIA DE INFORMACIÓN SUPRESIÓN INNECESARIA DE INFORMACIÓN ALUSIÓNS EXTRALINGÜÍSTICAS NON RESOLTAS NON MESMO SENTIDO: Matiz non reproducido Esaxeración/Redución Ambigüidade Falta de precisión, etcétera. INADECUACIÓN DE VARIACIÓN LINGÜÍSTICA Inadecuación de rexistro lingüístico (formal/informal) Inadecuación de estilo Inadecuación de dialecto social Inadecuación de dialecto xeográfico Inadecuación de dialecto temporal Inadecuación de idiolecto	- 5 puntos
<b>3. ERROS QUE AFECTAN A PROBLEMAS DE EXPRESIÓN NA LINGUA DE CHEGADA:</b> <b>ORTOTIPOGRAFÍA</b>	- 3 puntos
<b>GRAMÁTICA:</b> Morfoloxía, sintaxe	- 10 puntos
Usos non idiomáticos	- 5 puntos
<b>LÉXICO:</b> Calcos	- 5 puntos
Usos inadecuados (rexistro inadecuado, rexionalismos, inexactitudes, etcétera.)	- 10 puntos
<b>TEXTUAL:</b> Incoherencia Mal encadeamento discursivo, uso indebido ou incorrecto de conectivos, etcétera	- 5 puntos
<b>4. ACERTOS</b> - Boa equivalencia	+3 puntos

- Moi boa equivalencia

+5 puntos

- Na proba de interpretación valoraranse tamén as notas tomadas polos aspirantes, a entoación e o ritmo.

## 5 BIBLIOGRAFIA

### Bibliografía básica para a tradución xurada galega\*

Susana Cruces Colado

Iolanda Galanes

\*Nota: todas as publicacións anteriores ao 2003 non están adaptadas ao cambio normativo

#### ➤ Normas e dicionarios:

Boullón Agrelo, A. I. (coord.) (1991): *Léxico da Administración Castelán-Galego*. Santiago, ILG-RAG.

Gómez Guinovart, X. e Torres Padín, A. (2005): *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. Accesible en: <http://webs.uvigo.es/sli/dilega/>

González Montañés, A. e Gómez Méixome X.A. (2003) (dirs.): *Compilación de termos xurídicos castelán-galego*. Accesible en: <http://www.avogacia.org/~sal/cdcomforma/outros.htm>

González González, M. e Santamarina Fernández, A. (coords.) (2004), *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, ILG-RAG, A Coruña- Santiago de Compostela. Accesible en: [http://www.xunta.es/linguagalega/dicionarios\\_e\\_lexicos2](http://www.xunta.es/linguagalega/dicionarios_e_lexicos2)

ILG-RAG (2003), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña. Accesible en: [http://www.xunta.es/linguagalega/normas\\_ortograficas\\_e\\_morfoloxicas](http://www.xunta.es/linguagalega/normas_ortograficas_e_morfoloxicas)

#### ➤ Formularios:

García Ares, Maricarme *et alii*, (2004): *Manual básico de documentación administrativa*. Xunta de Galicia. Consultable en: [http://www.avogacia.org/w3/article.php?id\\_article=296](http://www.avogacia.org/w3/article.php?id_article=296)

González Montañés A. e Gómez Méixome X.A. (2003) (dirs.): *Formulario básico de procedemento xudicial en lingua galega*. Accesible en: <http://www.avogacia.org/~sal/cdcomforma/formula.htm>

Gutiérrez Aller, V. (1998): *Formulario notarial*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

Monteagudo Romero, X. (1996): *Formularios de organización e funcionamento das entidades locais*. Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela.

Monteagudo Romero, X. (1998): *Regulamentos municipais I*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

VV.AA. (1995): *Manual de documentos administrativos*, Tecnos, MAP, Madrid.

#### ➤ **Formación:**

García Cancela, X. e Díaz Abreira, C (1994): *Manual de linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública (3ª ed.).

Rivas Cid, X. (1994): *Curso práctico de linguaxe administrativa para funcionarios da Xunta de Galicia*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Política Lingüística), Santiago de Compostela.

Vidal Barral, N. (coord.) (2005): *Material do Curso de actualización da lingua e linguaxe administrativa galegas para persoal da Xunta de Galicia*. Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela.

#### ➤ **Estudos:**

Cruces Colado, S. e Luna Alonso, A. (eds. e coords.) (2004), *La traducción en el ámbito institucional: autonómico, estatal y europeo*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Galanes Santos, I. (2002): *A lingua galega do dereito. Unha achega á súa definición e calidade a partir da tradución xurídica en Galicia*. Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela.

García Cancela, X. (1990): “Algunhas consideracións sobre o galego como lingua da Administración”, *Cadernos de Lingua*, nº1, pp. 47-56.

García Cancela, X. (1995a): “Traducción administrativa”, *Viceversa*, nº 1, pp. 155-160.

García Cancela, X. (1995b): “A traducción xurídico-administrativa en Galicia”, en *Actas do 1º Simposio Galego de Tradución*, anexo *Viceversa*, pp. 99-107.

Vega Lorenzo, M. (1995): *O poder que nos fala*, Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela.

#### ➤ **Publicacións periódicas:**

*BAL: Boletín de Administración e Lingua*. Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela.

*BIAL: Boletín Informativo da Administración Local*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

*CL: Cadernos de Lingua*. Real Academia Galega.

*LA: Lingua e Administración*. Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.



RLD: *Revista de Lingua e Dereito*. Universidade de Vigo

R.de AG: *Revista de Administración Galega* Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

*Viceversa. Revista Galega de Tradución*. Asociación de Tradutores Galegos. Vigo.

- **Dereito.** Os textos legais. Para as nocións básicas de dereito, libros, manuais e webs como:

- López Mira, Álvaro Xosé. . 2004. *Introducción ó sistema político español*. Santiago de Compostela : Tórculo.

-Ministerio de Xustiza: <http://www.mjusticia.es/>

[http://www.mjusticia.es/cs/Satellite?cid=1080202871538&pagename=Portal del ciudadano/OrgSubSeccionJT/Tpl\\_OrgSubSeccionJT&p=1057821035213&menu activo=1057821035150&lang=es es](http://www.mjusticia.es/cs/Satellite?cid=1080202871538&pagename=Portal_del_ciudadano/OrgSubSeccionJT/Tpl_OrgSubSeccionJT&p=1057821035213&menu activo=1057821035150&lang=es es) (Xulgados e Tribunais)

-Dirección Xeral de Xustiza. Dereito de Galicia: <http://www.xunta.es/conselle/xi/dxxdereitocivil.htm>

-Ortiz Sánchez, Mónica. 2001. *Introducción al español jurídico: principios del sistema jurídico español y su lenguaje para juristas extranjeros*. Granada : Comares.

-Sanjuán López, Felisa. et alii. 2006. *Español jurídico: manual de español profesional. Nivel intermedio-avanzado*. Universidad de Alcalá de Henares: Alcalá de Henares.

-Ortiz Sánchez, Mónica e Perez pino, Virginia. *Diccionario Xurídico Básico*. Tecnos

## 6 CONTACTO

[sxpl.asesoramentolingua@xunta.es](mailto:sxpl.asesoramentolingua@xunta.es)

TLF: 981544402 (para información sobre as probas)

TLF: 981546878 (para información sobre o rexistro e habilitación directa)